

Ollo coas estafas dos falsos psicólogos

A crise fixo abrollar a falsos profesionais. O Colexio de Psicoloxía de Galicia iniciou máis de 30 actuacións por intrusismo en 2017.

Por Galicia Confidencial | Compostela | 10/01/2018 | Actualizada ás 10:00



O **Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** iniciou un total de 31 expedientes por posible **intrusismo** profesional en 2017, a través da súa Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo.



Na consulta dun psicólogo | [Fonte: inforbano.com](#)

Segundo informou esta entidade nun comunicado, as actuacións abertas recollen diversas casuísticas, entre elas as de exercer **funcións propias**

da psicoloxía sen contar coa titulación, por publicidade enganosa, por estar a exercer sen a colexiación obrigatoria ou por anunciarse como especialista en psicoloxía clínica sen contar con esta especialidade.

“O Colexio ten a función de velar por que á cidadanía se lles ofrezan servizos de psicoloxía que garantan e cumpran coa calidade e as obrigas legais establecidas”, apunta. Neste sentido, lembra que no seu exercicio como profesionais, está en cuestión o benestar, a saúde, a calidade de vida, a plenitude do desenvolvemento das persoas e dos grupos, nos distintos ámbitos da vida individual e social. “Así pois, **a colexiación é unha garantía pública** de que o psicólogo ou psicóloga cumpre tanto coa titulación e cos requisitos legais para exercer, sexa cal sexa a especialidade ou área de traballo”, engade.

O Colexio de Psicólogos suliña que **a crise económica fixo abrollar falsos profesionais** que aproveitan a vulnerabilidade das persoas. Unha situación á que se suma unha “moi deficiente atención psicoloxía” nos servizos públicos (sanitarios, educativos, servizos sociais, emprego), o que supón, di, “un verdadeiro risco para a saúde e o benestar das persoas”. “Non é só un calote, unha estafa; é que as consecuencias poden ser nefastas para a persoa usuaria, á vez que prexudica gravemente a imaxe social da psicoloxía, que si é unha disciplina científica, que emprega métodos contrastados e está suxeita a un código deontolóxico”, finaliza.